

GRANDIOSAS FESTAS EN HONOR A SAN XACOBE

I.

O torreiro esmorecía ao ritmo da peor orquestra da comarca e que porén cobrara o que xa semellaba unha fortuna ante o seu repertorio. Nin os máis entusiastas conseguían marcarse unha peza completa ao ritmo daquel balbordo átono e gorguexos da cantante solista, seica atormentada polo estreito vestido do que sobresaían as súas ben feitas carnes. A escasa rapazada alí arrastrada comezara a argallar con maior ou menor discreción o necesario sistema de transporte á discoteca da vila e as escasas decenas de maiores que continuaban polo lugar miraban incómodos os reloxos pensando en medidas similares. Os vellos que espreitaban suspiraron: a antano considerada das mellores festas patronais da bisbarra estaba a perderse irremisiblemente e, o que era peor, os máis novos non amosaban ningún interese por mantela (agás seica a parella de hippies porcalleiros da manta con quincalla e que pouco aportaban ao nivel do evento, segundo a súa impresión). Case podían comprender tal vontade de fuxida: á orquestra nefasta uníase un único triste posto de rosquillas porque as vendedoras habituais se negaban en redondo a desprazarse a un sitio tan recóndito por unhas ganancias polo xeral infames, outro tanto cabía dicir das típicas atraccións de feira pois, como acusarlles por non vir se alí non había máis de media ducia de nenos, na máis optimista das contas? Xunto coa cantina case sen bebidas porque o seu responsable cometera a estupidez de non encargarse con tempo e o repartidor negarase a subir unha vez rematada a súa xornada laboral, o par de muiñeiras

danzadas sen gana polo grupo da parroquia e os catro foguetes á saída da misa, esa era toda a oferta do San Xacobe dese ano. O único que podían agradecer era a climatoloxía, espléndida, cunha noite de agradable temperatura, e unha fermosa lúa chea que axudaba a alumear as carencias da penosa instalación de bombillas de cores.

Pico, o presidente da Comisión de Festas, acabou nun só grolo a súa copa de licor café e mandouna encher de novo, sobre todo, en prevención de que a botella se esgotase como o resto de bebidas que a xente continuaba a esixir, e enriba lle tocouse pasar a frustración sobrio. Sentía unha abafante auto compaixón: para iso tantos desvelos e montes de horas arrincadas ao descanso, para unha tortura dun concerto semibaleiro dos que semellaban os peores músicos do mundo e os ollares de acusación dalgúns veciños, os cales, polos escasos euros doados, debían esperar como mínimo a *Panorama* e a *París de Noia* a dúo. Até a muller escapara alegando a dor de cabeza das noites nas que el amosaba desexos distintos ao sono e aceptara a oferta do coche doutro veciño para regresar á casa coa filla maior, quen non deixara de mirar todo aquilo como se estivese no medio dun zoo. En resumo, entendía aquela como unha das noites máis penosas da súa vida adulta. Antes de media hora trocaría completamente esa conclusión e chegaría a contemplar como momento feliz todo o inmediatamente anterior ao fulano que chegou a tombos.

En realidade, cualificar as festas de San Xacobe como das mellores da zona era a ilusión que só pode darse nun sitio onde nunca se destacou por nada, nin recursos naturais, nin económicos, nin culturais, nin sequera por un accidente xeolóxico tan peculiar como a peculiar *Cova da Meiga*. Descuberta

por uns excursionistas había un par de décadas, fora celebrada polos máis animosos como o futuro atractivo turístico da zona, pero acabara revelándose como un buraco fedorento e perigoso, de gran profundidade, no que se dicía que os máis desconsiderados botaban os animais mortos ou enfermos e á que ninguén cun par de dedos de fronte ousaba achegarse, tanto por prudencia como por protección do seu olfacto.

Noutros tempos, a xente ía a celebracións como o San Xacobe porque precisamente non había moito máis na contorna e calquera corría onde soaba unha gaita ou escintilaban unhas luces de cores. Pola contra, hoxe en día nin cabía esa posibilidade pois a escasos minutos de estrada erguíase o que se sinalaba como mellor local de ocio da comarca e a outra opción para a rapazada como o botellón nin se tiña en conta pois, como sinalaban os máis ácidos, aquela aldea non tiña recunchos adecuados nin para caer borracho. Máis exactamente, aquel lugar xa non tiña nada, nin poboación, nin esperanza. Só as teimosas sete ou oito familias que seguían alí, máis pola teimosía de non buscar outro espazo propio que polo apego en si, e que usaban esa festa como reclamo cada día máis inoperante de achegar ao menos unha vez ao ano ao resto da familia espallada por outros lugares.

Diego Nivardo acudira á comida familiar pola norma non escrita das obrigatorias concentracións familiares na casa dos avós polos aniversarios, Nadal e festas parroquiais. O que non estaba disposto a aturar era aos pailáns desafinados que berraban desde o palco. Calquera outro sitio parecía mellor, mesmo o seu propio cuarto da vila. Nel podería escoitar música tranquilamente mentres xogaba á Play, así que tomou a decisión que posteriormente se revelaría como milagrosa de baixar na súa moto, na subira fronte as invitacións

do pai de incluso conducir o monovolume familiar, unha oferta moi tentadora e co delicioso sabor extra do prohibido por canto aínda lle faltaba un ano para sacar o carné, pero á que se resistiu pola sospeita do inevitable aburrimento. As conclusións definitivas sinalárono como unha das últimas persoas que conseguiron baixar indemnes grazas a esa ocorrencia. Pola súa banda, chegara a ver un grupo de catro ou cinco individuos movéndose co que semellaba unha gran dificultade pero, tendo en conta o día que era, achacouno simplemente ao alcohol inxerido nas diversas comidas e merendas familiares celebradas ao longo da aldea.

A súa irmá Lidia, pola contra, realizara unha errónea planificación da xornada, subindo con seus pais tras acordar co seu noivo Carlos que a fose recoller despois da cea. Pretendían baixar a tomar algo xuntos logo e dese xeito aproveitar un pouco os restos do sábado. Como todo plan ben pensado, tiña a beleza dos seus distintos elementos ben afinados: ir no coche familiar resultaba máis cómodo, daba a imaxe de boa filla da que gustaba facer gala fronte aos avós (imaxe que o túzaro de Diego perdera había tempo e que tampouco se molestaba en recuperar) e, facendo que a fose recoller o mozo, podería presumir deste ante a insoportable da súa curmá Míriam, tamén habitual nesas celebracións. Non era para menos esta última parte, Carlos era considerado un dos rapaces máis guapos da vila e tamén dos de maior futuro laboral do lugar, grazas ao seu contrato nos laboratorios recentemente instalados no concello. Por desgraza, ben pode asegurarse que por gran desgraza, os plans acaban sendo inxenuas esperanzas cando a realidade impón a súa lóxica. O traxecto até a casa dos avós resultara un auténtico pesadelo, aturando a enésima rifa dos proxenitores sobre as características

dos manxares para a celebración. O envorcamento sobre o seu pantalón de estrea do prato co flan de café do que lle tocara termar a causa dunha curva mal trazada completara aquela breve viaxe tan ingrata. A preciosa cor camel da prenda quedou violentada pola flor parda do xarope, imposible de enxugar naquel maldito vehículo, así que cando por fin puido asaltar a billa do lavadoiro xa non había nada que facer e debeu aguantar, primeiro o xantar, e logo o resto da tarde, baixo a mirada burlona da súa curmá, quen rapidamente enfiara varios chistes de pouca ou nula graza relativos ao estado da súa roupa. Por se iso fose pouco, esa familiar odiosa retirouse xusto despois da sobremesa, alegando un compromiso ineludible en Santiago, co que a posibilidade de pasarlle polos fociños a Carlos quedaba directamente desbotada. En calquera caso, esa estratexia tería resultado pouco eficaz pois, como puido saber pola súa orgullosa tía, a rapaza collera un mozo que resultara ser dos avogados *junior* (a muller silabara esa palabra estraña con satisfacción) máis prometedores da capital, co que o humilde posto de reparto de correo e paquetería do seu semellaría ridículo. Rexeitada a oferta de baixar como paquete co irmán, pois o único que lle faltaba para rematar o día, segundo os optimistas cálculos daquel momento, era ter un accidente con aquel kamikaze, Lidia ocupou o resto do tempo en buscar na estrada veciñal o tuneado Ibiza TDI vermello que por fin a libraría de todo aquilo. Non chegou a sorprenderse ante a tardanza, pese a que o cuarto de hora nun rapaz cun admirable sentido da puntualidade era canto menos inquietante. Foi a desventurada que se acercou a comprobar a causa dos berros de detrás do palco, audibles incluso por riba do estrondo da orquestra. Esquecera o seus temores habituais ante o descoñecido precisamente por ir acompañada polo seu tío, un home de natural

valente e aínda cunha envexable forma física pero que de nada lles serviu ante o que atoparon.

O certo era que a valoración habitual de Lidia non gozaba da precisión que un honrado sentido da obxectividade esixiría. A comparación de Carlos con calquera posible Adonis daría un resultado moi desfavorable para o seu noivo por canto este non pasaba de rapaz de faccións bastante proporcionadas, pero máis nada. Efectivamente, gozaba dun posto cunhas condicións laborais bastante boas para a súa categoría profesional, no que precisamente era requisito indispensable a puntualidade da que el sempre facía gala e que viña ser un dos elementos distintivos da súa familia de orixe, pero aí acababan os seus atributos. En realidade, Carlos non tiña maiores habilidades e si outros aspectos non tan positivos, como a súa facilidade para montar en cólera ou a súa pasividade, cando non directamente preguiza, no traballo. Certo era que lle deran o posto por obter os mellores resultados na entrevista e nun par de test psicotécnicos fronte a outras moreas de candidatos (ao que debía engadirse unha discreta recomendación do pedáneo, irmán de súa nai), e que nos primeiros días voaba de departamento en departamento levando cos encargos. Quería quedar ben e gañarse o contrato fixo prometido aos novos e, quen sabe, seica un posto na Sede Central da Compañía. O seu maior desexo era liscar daquela vila que tanto o aburría, algo que non podía facer ás bravas como outrora fixera a súa irmá Vanessa, a ovella negra oficial da familia, pois o seu carácter non daba para impulsos semellantes. Porén, as cousas non eran tan fáciles. O primeiro mes de contrato realmente esmerouse no cumprimento das súas tarefas, correndo dun lado a outro e sempre disposto a todo tipo de solicitude que calquera daquelas persoas de batas brancas e ollares

despistados quixese formular. Non parecía obter maiores resultados, agás os “grazas” que aquela panda de chapóns rosmaban desde as profundidades das súas respectivas pantallas, pero el dábaos por bo. Usaba como un mantra reconfortante a frase de seu pai: “Roma non se gañou nunha hora” e lembrábase a si mesmo que traballaba para unha empresa na que existían posibilidades obxectivas de ascenso.

O que Carlos non previu é que as circunstancias ás veces tórcense e esmendrellan calquera proxecto, e isto aconteceu no seu trixésimo noveno día de contrato. No seu caso, veu facer gala desa poderosa metáfora da curiosidade que matou ao gato, aínda que, neste caso, os animais da discordia fosen uns macacos e é que, ao cabo, Carlos era un rapaz de aldea acostumado a unha limitada fauna autóctona, por iso, cando alguén na cantina comentou que entraran varias caixas con buracos co que parecían eses primates e, con gran misterio, metéranas no Sector 2 dos laboratorios de investigación, el non pensou noutra cousa que ir alí coa primeira boa escusa e ver como eran. Pode parecer un motivo un tanto infantil para un home como el, pero Carlos só fora unha vez ao zoo e a aquela zona achegábanse poucos circos, co que ardía en desexos de ver espécimes diferentes aos porcos, vacas, pitas, gatos e cans habituais do seu día a día.

A cousa resultaba máis difícil do que parecía. O Sector 2 estaba especificamente vetado ao persoal alleo ao Departamento de Investigación, e entre as obrigas do seu traballo estaba a de seguir unha ruta concreta para o reparto da que non se podía afastar nin un centímetro, así que o noivo de Lidia estivo bastantes días soportando a inchazón dunha curiosidade crecente, engordada sobre todo ao pasar preto de alí e escoitar os chíos daqueles

animaliños. Por fin, unha semana despois da noticia, tivo a oportunidade en forma de paquete para mister Kellerman, xefe de investigación. Se mantivese o seu plan de promoción profesional, limitaríase a ir e deixalo sen máis á rapaza do despacho anterior ao corredor da estancia, porén, el optara por facerse o despistado coa entrega até a hora do xantar, momento no que apenas andaba ninguén por alí e a rapaza do despacho baixaba até a vila. Así puido deslizarse até a altura mesma daquela mesa que significaba a fronteira inexpugnable finxindo chamar a algún responsable e, cando tivo a certeza que non o vira ninguén, pois nin o garda de seguridade habitual estaba, meteuse polo corredor do laboratorio e asomou ao ollo de boi da porta. A súa prudencia leváballe a non traspasar esa última barreira e conformarse con albiscar desde aquel emprazamento o que lle permitise ver a cortinaxe de plásticos previa á estancia. Con todo, a potente luz deixaba distinguir bastante ben o que se movía naquelas gaiolas e, malia o pouco tempo que puido estar, resultoulle moi estraño o comportamento daqueles animais exóticos, extremadamente irracionais nos seus movementos, e actitudes máis que agresivas, incluso podía asegurar, coa panorámica tan deficitaria do seu emprazamento, que aqueles monos tiñan un aspecto moi raro, pero non lle deu máis tempo a validar a súa observación porque a man que lle puxeron no ombro case o mata do susto. O referido mister Kellerman preguntáballe con aquel acento inglés tan despectivo que andaba a buscar e soubo desde o mesmo instante que a súa resposta sobre a entrega dun paquete non era nada satisfactoria. Foi despedido de alí cun ton máis frío cás propias cámaras conxeladoras e co estraño recordatorio da obriga da confidencialidade asinada no seu contrato de traballo. Soubo que metera a zoca, pero preferiu non darlle maior importancia.

Ao fin e ao cabo, calquera comete un erro e el cumpría no seu posto como o que máis. O problema veu un par de días despois ao chegar aos seus oídos de xeito accidental que no Departamento de Recursos Humanos miraran a posibilidade de botalo pero que, pasado xa o período de proba por uns poucos días, preferían aguantalo até o fin do seu contrato e logo non renovalo. Doeulle especialmente o comentario co que se deu carpetazo ao asunto, tamén chegado aos seus indignados oídos: “total, calquera pode ocupar ese posto de recadeiro”. Se non fose porque aínda estaba pagando as letras do automóbil, o verdadeiro amor da súa vida, chantaba todo e liscaba de alí, pero preferiu conformarse co máis fácil, como era seguir ocupando aquel posto e cobrando por el, outra cousa sería a eficiencia no mesmo. Apenas se fixou no feito de que o garda de seguridade habitual no Sector 2 non volveu aparecer por alí e no seu lugar colocaron a outro de bastantes quilos e nula sociabilidade, nin foi o suficientemente intelixente para aplicarse o conto.

Mentres subía co seu coche ao torreiro para recoller á súa moza ía rosmando unha vez máis a súa mala sorte, e maldicindo a todos aqueles sabichóns de batas brancas e aceno de suficiencia e mesmo as condicións laborais que non tanto tempo antes lle pareceran unha marabilla, como as quendas dun sábado cada sete semanas, pagadas como horas extras e que el agora interpretaba como simples gañas de argallar pois, a que mente retorcida se lle podía ocorrer poñer de laborable o sábado do Día Grande da Parroquia? Ese rancor impedíralle comprobar os evidentes nervios entre os seus odiados compañeiros. Se nesa nova etapa do seu contrato non estivese a rañar co cumprimento estrito do horario e non adoitase saír disparado por aquela cancela automática só un segundo despois do remate da súa xornada laboral,

tería escoitado perfectamente a alarma na Sección 2, o suficientemente discreta para non alterar a calquera que pasase polos arredores, pero tamén o suficientemente penetrante para facer repensar os plans de traballo e aínda de ocio de calquera empregado. Como se di, non foi o caso de Carlos. Ese día levaba unhas presas engadidas porque, aparte dos necesarios mandados cos seus colegas e de revisión das novas ofertas do taller de tunning, quería meter o coche no túnel de lavado, cear algo e logo cambiarse e recoller á súa noiva. Aínda que tiña confianza de sobra coa súa familia, quería causarlles boa impresión, sobre todo ao ir buscala nada menos que ás festas de San Xacobe, co que iso tiña de oficialización do compromiso naquel lugar. Concluía que, ao cabo, era a mellor solución, unha vez fracasados os seus plans polo asunto dos monos, algo do que, por outra banda, non mencionara nin palabra á súa moza. Con Lidia estaba moi ben, e era das que amosaran maior entusiasmo ante o seu vehículo e máis o animara coa instalación dos diferentes elementos de tuneado, polo que existía ademais unha importante afinidade de gustos. Certo que o seu cuñado era un pouco parvo e que estivera a piques de chegar as mans con el un día que rozara coa moto un dos retrovisores, pero era un defecto sen maior importancia. Andaba nesas cavilacións no momento que saíu aquel primeiro tipo de gabardina tras unha das curvas máis cerradas e só pola oportuna freada e forte golpe de volante combinados evitou alcanzalo por pouco aínda que deixando atravesado o coche no medio do camiño. Tentaba recuperar as súas pulsacións habituais tras o inmenso susto cando aquel peón fixo o que máis podía sacarlle de si como era estragar no máis ínfimo aquela pintura personalizada da que tan orgulloso estaba. Aquel desgraciado parecía golpear con forza o capó, co risco claro para a uniformidade da chapa que iso

supoñía. Berroulle que parase, pero non tivo paciencia para unha segunda advertencia e, esquecendo o perigo máis que evidente do vehículo no medio da estrada, pois o sentido da prudencia quedara silenciado polo da ira, baixou disposto a moer a paus a quen supoñía un borracho da festa. Só ao chegar a carón daquel descoñecido decatouse de que non levaba unha gabardina, senón o que parecía unha das batas do laboratorio do seu traballo en bastante mal estado. Tamén se decatou de que empezaban a rodealo uns cantos máis de aspecto parecido e roupaxes similares.

Pola contra, Raúl, o tío de Carlos, decidira non subir ás festas de San Xacobe dese ano. As relacións cos veciños da parroquia empeoraran considerablemente nos últimos meses e o único que lle faltaba era sentirse incriminado dalgún xeito mentres estaba no torreiro. Sentíao no máis profundo do seu ser, el sempre tivera un gran cariño polas festas de San Xacobe, ás que acudía desde ben pequeno, e case sentía como unha traizón aos seus costumes a inhibición dese ano, pero a cousa non era para menos, sabía que cometera un grandísimo erro, el era o primeiro en recoñecelo e, ao marxe do seu futuro político nas vindeiras Municipais, estaba sobre todo a vergoña inevitable. E todo, por que, pola ambición e, non podía negalo, a falta de cabeza coa que se enfrontou ao proxecto das instalacións da multinacional farmacéutica. Contara con que esa empresa fose o verdadeiro golpe de temón para o acceso a maiores proxectos políticos e, como mínimo, o reforzo do liderado na súa propia parroquia. O episodio dos agasallos cos que lle comeran a cabeza sobre a gran idoneidade daquela instalación prefería esquecelo piadosamente. Ao fin e ao cabo, aquel feixe de reloxos, estilográficas, o

cruceiro polo Caribe das vodas de prata ou o todo-camiño Land Cruiser que el disimulou como ganga atopada polo fillo en Internet, segundo a súa lóxica, non deixaban de ser os detalles duns profesionais afeitos para quedar ben co responsable da zona, e sabía perfectamente que outros concelleiros tamén foran agasallados, aínda que algúns teimasen en negalo. El prefería interpretar o seu comportamento como a busca dunha verdadeira oportunidade para todo o Concello. Calculaba as ducias de postos de traballo directos ou indirectos que un negocio así podía traer consigo, xunto co crecemento dos negocios hostaleiros, quen sabe, incluso como primeira pedra dun novo destino das industrias de I+D... Os interrogantes sobre as verdadeiras intencións daqueles tipos tan estirados que formulaban o alcalde ou os veciños máis desconfiados, por elo, non deixaban de ser propios de pesimistas sen ánimo de mellorar as cousas. El contestaba con displicencia a aqueles compañeiros de Corporación sobre as cousas perigosas que podían ter naquelas instalacións repetíndolles a explicación daqueles executivos: meras cremiñas de beleza, infusións adelgazantes, complexos vitamínicos e, en xeral, chorradiñas das que se mercan en farmacias sen receita médica, como se fose o propio responsable de Marketing chegado a defender a excelencia da Compañía.

Emporiso, a ambición dun pedáneo é menos que un petisco nunha merenda de quenllas. Todos os seus esforzos só valeran para que aquel emporio implantase todo o que quixo naquel sitio que eles catalogaban nos seus memorandos confidenciais como comunidades nun *nivel intermedio de desenvolvemento*. Unha vez situada a empresa, pagando unhas taxas irrisorias para as súas finanzas e que non viñan supoñer maiores vantaxes nos estreitos orzamentos municipais, pois souberan aproveitar os buracos da normativa local

para tributar unha miseria, quedou definitivamente demostrado que non fixeran un bo negocio. Aqueles laboratorios eran un mundo pechado sobre si mesmo, cos seus propios provedores e que non supuxeran maiores posibilidades de emprego agás tres ou catro postos de carácter básico, un dos cales fora precisamente ocupado por Carlos, co que os ollares de rancor ao tío multiplicáranse. Así as cousas, o peor de todo veu coa maldita reportaxe da televisión sobre os episodios máis escuros da empresa que, nun pobre intento de disimulo, cambiara o nome, pero os hábiles reporteiros conseguiran localizala e incluso gravala no seu novo emprazamento da parroquia. As graves fallas de seguridade sufridas noutros sitios ou os problemas medioambientais pasados foron comentados desde todos os ángulos e puntos de vista e, por suposto, as decisións da Corporación e da Entidade Local Menor quedaron máis que cuestionadas, non valendo de nada as repetidas explicacións de alcalde e edís sobre a súa legalidade e cumprimento estrito de todas as ordenanzas. O Concello enteiro sentíase enganado e ante iso non había explicación que valesse. Non foi raro, por tanto, que a comunidade adoptase a tranquilizadora solución do chibo expiatorio para todo aquel malestar, e para elo ninguén mellor que o pedáneo da parroquia, co cal, todos e cada un dos seus actos pasaron a ser examinados e avaliados pola comunidade como os reclamos da peor trampa.

Ese período de rexeitamento resultaba excesivamente duro para calquera, pero sobre todo para alguén cuxos puntos cardinais sempre viñeron determinados polos propios límites da súa parroquia. Así, ese Día Grande de San Xacobe simulaba ver un programa da televisión mentres os oídos se lle escapaban aos ecos da orquestra de cinco quilómetros máis arriba. A muller,

ao cabo, unha forasteira doutro Concello, preferira escapar ese día á casa de seus pais e os fillos estarían en calquera recuncho da vila co seu botellón da fin de semana, polo que rosmaba a súa decepción profunda en solitario ante o brillo do programiña parvo. Non podía co mal humor e por iso a ocorrencia conseguiu asomar entre todas as capas de prudencia asentadas nos últimos días: ir tomar unha simple caña e escoitar un par de pezas non tiña por que ser tan malo. Con total probabilidade, a esas horas, a xente estaría ou bailando ou, en moitos casos, borracha, polo que ninguén lembraría equivocadas decisións recentes ou, canto menos, faría por esquecerlas educadamente nun día de festa. Ademais, grazas a el, o concello pagaba unha parte dos gastos desa celebración (cada vez con cantidades máis escasas, pero el non tiña a culpa da crise), así que só por iso tiña dereito a achegarse a ver como marchaba todo. Resultaba ao cabo unha idea demasiado boa para non facerlle caso até que, por fin, vencidas as últimas defensas desa prudencia acovardada, convenceuse que o mellor era tomar alí unha copa como sobremesa da súa cea e comprobar in situ se era verdade que a cantante da orquestra era de verdade tan guapa como aseguraba Pico, un dos únicos daquel barrio que aínda non lle retiraran o saúdo.

As ideas satisfactorias son verdadeiros estimulantes e, antes de cinco minutos, Raúl xa estaba cambiado, peiteado e rebozado en colonia. Desde que recordaba, sempre subira ao San Xacobe e este ano finalmente non sería unha excepción así que, tras deixar unha nota para os fillos, colleu o seu coche e arrincou cara ao alto onde esperaba o que el supoñía animado torreiro (tamén hai que dicir que as ideas satisfactorias teñen como efecto secundario un inadecuado optimismo).

Avanzaba tan entusiasmado coa súa determinación que só os supermodernos sistemas de freado do seu equipadísimo todo-camiño lle evitaron incrustarse co coche do seu sobriño, quedando literalmente a escasos milímetros del. O susto era tan grande que nin forzas tivo para maldicir, e inmediatamente ao susto seguiu a estrañeza. Aínda que había anos que non tiña un trato directo con Carlos, sabía de sobras, como toda a familia e seica toda a vila, que aquel coche era a querenza máis prezada do rapaz e que algo moi gordo debera pasar para deixalo abandonado de calquera xeito no medio da estrada tras unha curva. Tamén sabía do carácter incendiario del, presto a saltar á menor provocación no seu camiño pero, con todo, seguía sen cadrar ese vehículo deixado coa porta aberta e as luces de emerxencia acesas. Para o seu espanto posterior, non se lle ocorreu outra cousa que saír do seu coche para comprobar que pasaba e, ao dar a volta ao outro automóbil, atopouse por que o seu sobriño o deixara así. En realidade, atopouse co que quedaba daquel rapaz fillo da súa irmá e pola súa cabeza pasou tamén a idea covarde de cómo llo explicaría a ela. Aquel vulto ensanguentado apenas aparentaba o varón de vinte e un anos que adoitaba fachendear na praza da vila. Onde antes estaba o seu estómago había un oco horrible, como buratos no mesmo grao de horror atopábanse no colo, pómulos e brazos. Raúl encolleuse sobre si mesmo e vomitou con forza o que creu todas as comidas da súa vida. Cando por fin se conseguiu incorporar, a estrada, o ceo e aínda os dous vehículos parecían dar voltas violentamente en torno a el. Só o chisco de cordura que parecía sobrevivir impulsoulle a buscar o móbil para chamar ao 061, como se eses puidesen facer algo polo seu sobriño, pero subira en alas dunha ocorrencia e esta non se preocupara de que collese ese aparello de comunicación. O horror

entón pareceu multiplicarse e por iso ao notar moverse uns ramallos da beiravía reaccionou subíndose ao seu coche e liscando espantado cara ao torreiro, tras deixar a pintura da porta esquerda totalmente rascada coa do automóbil daquel familiar que xa nunca o volvería conducir. Díxose a si mesmo que pola festa era habitual que pasase o Nissan da Garda Civil e a eles pediría axuda. Contaba con que iso fose o final do pesadelo. Evidentemente, estaba moi equivocado.